

POLA PAZ E A XUSTIZA

Non á guerra, non ao terrorismo

AS organizacións asinantes deste manifesto condenamos, unha vez máis, os atentados terroristas realizados no territorio dos Estados Unidos o pasado 11 de setembro e que produciron miles de mortos civís, non só estadounidenses senón doutras nacionalidades; así mesmo, solidarizámonos profundamente coas familias e amizades das vítimas.

Desgraciadamente, as vítimas desas accións non constitúen un feito illado. Non debemos esquecer a moitas outras que, desde América Latina a Palestina, pasando por Iraq, son sacrificadas, en accións violentas de todo tipo –especialmente as auspiciadas polo terrorismo de estado e a vulneración flagrante do dereito internacional–, ao logro de vantaxes políticas e aos beneficios dos grandes intereses económicos.

Reiteramos que resulta moralmente inadmisíbel e inxustificábel atacar militarmente a un pobo empobrecido e famento polas políticas (por erradas e represivas que sexan) realizadas polo seu goberno. Ningún obxectivo político, ideolóxico, social ou xurídico pode xustificar unha soa morte inocente. A violencia militar non é o método axeitado para resolver os conflitos políticos.

Recordamos como ao longo da Historia estes actos de violencia indiscriminada serviron de xustificación aos gobernos e forzas reaccionarias para recortar os dereitos e liberdades e para criminalizar calquera disidencia crítica.

A Guerra non é a solución senón o problema. As consecuencias desta resposta militar poden ser máis terribéis do que agora mesmo podemos imaxinar, ao producir millóns de persoas refuxiadas, fundamentalmente mulleres e nenos, e producindo milleiros de mortes entre a poboación civil ademais da degradación irreversible do medio natural. Sen dúbida, lonxe de resolver o conflito, alimentará máis conductas suicidas, fanáticas e mortíferas entre os sectores sociais étnicos e relixiosos máis desesperados.

Somos coñecedores de que as causas que producen a violencia non se atacan con mísiles nin con bombas; cómpre mudar as políticas para combater a marxinação e a fame en que viven millóns de persoas no mundo. Temos que denunciar as políticas globalizadoras neoliberais que provocan crecentes desigualdades e esixir un respecto escrupuloso ao dereito dos pobos e das persoas independentemente da etnia ou relixión a que pertenzan. Entendemos

Manifestación o día 1 de decembro
ás 12:00 da mañá na Alameda de Santiago de Compostela.

que a resolución deste tipo de conflitos debe vir de organismos internacionais, como as Nacións Unidas, que garantan o dereito internacional, a solidariedade entre nacións e persoas e mais a diversidade de pobos e culturas a escala planetaria.

Esta Plataforma considera que a concertación internacional necesaria para superar a actual situación e erradicar a guerra e o terror só será lexítima e eficaz se se asenta sobre os seguintes principios:

- a) Fin dos bombardeos e das operacións militares en curso. A alternativa á guerra civil e ao réxime que, desde hai anos, padece Afganistán debe considerar a participación real do pobo afgán, e especialmente das mulleres.
- b) A aplicación sen restricións do dereito internacional e cumprimento das Resolucións das Nacións Unidas, obrigando o Estado de Israel a cumprir aquelas referidas ao conflito de Oriente Medio e

ao Reino de Marrocos sobre o Sahara.

- c) Acatamento da dirección e control das Nacións Unidas en cantas accións se realicen á Corte Internacional de Xustiza da Haia. Impulso á constitución do Tribunal Penal Internacional.
- d) Reforzamento das liberdades democráticas e dos procedementos de negociación e diálogo na resolución de todos os conflitos.
- e) Estricto cumprimento das garantías constitucionais, da Declaración universal dos dereitos humanos e das normas do dereito internacional nas actuacións policiais ou legais que se produzan.
- f) Inclusión de todas as formas de terrorismo, incluído o terrorismo de estado e a guerra sucia, na Convención Internacional actualmente en fase de preparación polas Nacións Unidas.

NON Á GUERRA,
NON AO TERRORISMO

Coordinadora Galega pola Paz

ADEGA • Asociación de Mulleres Rurais (Agra) • AS-PG • BNG • CAE • CAF • CIG • Coordinadora de Crentes Galegos • Coordinadora Galega de OONNGG • Federación Ecoloxista Galega • Fundación para a Igualdade M^ª Xosé Arcos • Galiza Nova • Grupo de Obxección Fiscal de Galicia • IESGA • Intermón-OXFAM • InteRED Galicia • IU-EU • Movemento Rural Cristián • Mulleres Cristiás Galegas • SN de CCOO • Seminario Galego de Educación para a Paz • Sindicato de Estudiantes • SLG-CCLL • Solidariedade Internacional de Galicia • UGT-Galicia • Unións Agrarias • Voluntariado Social ROGAS • Xuventudes Socialistas de Galicia